



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

ANEXO A PROGRAMACIÓN:

CENTRO: CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA. CORUÑA
CURSO: 4º DE GRAO PROFESIONAL
MATERIA: Acompañamento
DEPARTAMENTO: Fundamentos de Composición
DATA: Mayo 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Mínimos esixibles.**
- 2. Procedementos de avaliación e cualificación.**
- 3. Criterios de cualificación.**
- 4. Instrumentos de avaliación.**
- 5. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)**
- 6. Información e publicidade.**

1. Mínimos esixibles.

- Coñecemento claro, rápido e seguro dos intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades Maiores e menores.
- Coñecemento claro, rápido e seguro dos acordes tríade, os de Sétima de Dominante e os menores con 7ª no teclado
- Realización de baixos cifrados a vista usando os enlaces tradicionais. Tríades en estado fundamental e inversións. Deben ter continuidade rítmica, sen paradas non pertinentes.
- Creación e desenvolvemento de Estructuras Harmónicas de oito compases con finais cadenciais (sobre I e sobre VI) e semicadenciais (sobre IV e sobre V). Han de tocarse no piano usando diferentes desenvolvementos rítmicos e facerse con continuidade rítmica, sen paradas non pertinentes.
- Enlace V7-I. Progresións usando o círculo de quintas e as diferentes posicións do V7.

2. Procedementos de avaliación e cualificación.

Tomarase como base a cualificación do Segundo Trimestre, podendo ser mellorada en dous puntos, en función do traballo realizado durante o Terceiro Trimestre.

3. Criterios de cualificación.

Aquí poden contemplarse varios casos diferentes:

1. Alumnos que, habendo asistido regularmente a clase durante os dous primeiros trimestres e, tendo aprobada a Segunda Avaliación, estiveron enviando traballos con regularidade e aproveitamento durante os dous últimos meses:

Estes alumnos partirán da nota da Segunda Avaliación, podendo esta nota quedarse como está ou ser mellorada nun ou dous puntos, en función da

cantidade e a calidade dos traballos realizados durante estes dous últimos meses.

2.Alumnos que, habendo asistido regularmente a clase durante os dous primeiros trimestres e, tendo aprobada a Segunda Avaliación, non enviaron traballo algún nos dous últimos meses:

Estes alumnos quédanse coa nota da Segunda Avaliación.

3.Alumnos que, habendo asistido con certa irregularidade a clase durante os dous primeiros trimestres e, tendo suspensa a Segunda Avaliación, estiveron enviando traballos así mesmo, con certa irregularidade e con aproveitamento tamén irregular durante os dous últimos meses:

Estes alumnos, obviamente, si teñen suspensa a Segunda Avaliación é porque non alcanzaron o grado de coñecementos ou de destrezas requirido.

Con todo, o envío de traballos durante estes dous meses poderá, no seu caso ser suficiente para aprobar.

Caso de non selo, faráselles o pertinente exame.

4.Alumnos que, non habendo aparecido por clase en todo o curso ou habéndome informado no seu día de que deixaban as clases ou a asignatura ou o Conservatorio, seguen matriculados e teñen, por suposto, suspensa a Segunda Avaliación.

A estes alumnos convocáselles a un exame, que incluírá as materias das avaliacións Primeira e Segunda.

4.Instrumentos de avaliación.

Ao non dispoñer doutros, houben de utilizar, tanto para a confección de materiais musicais necesarios (partituras, explicacións teóricas, pezas de audio, etc), como para impartir clases e efectuar o seguimento dos alumnos, os medios da miña propiedade, dos que dispoño. Salvo erro ou omisión involuntaria foron os seguintes:

- a) un piano
- b) un teclado con conexión MIDI
- c) dous ordenadores cos seus accesorios (pantalla, ratón, etc.)
- d) un *interface* para conectar o teclado cun dos ordenadores

- e) unha conexión telefónica a Internet
 - f) un equipo de son (amplificador, mesa de mesturas e dous altosfalantes)
- material “de oficina” diverso (mesa, lámpada, lápices, folios, etc.)

5. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)

Durante o Terceiro Trimestre, o traballo realizouse vía Internet. Eu enviaba por correo electrónico, tarefas semanais, que os alumnos remitíanme gravadas en audio.

Unha vez escoitadas, enviáballes as correccións oportunas.

Dependendo do número de erros, mandáballes que mas enviasen de novo, tendo en conta as miñas correccións e indicacións.

En xeral, o que fixemos foi continuar e desenvolver traballos iniciados durante os meses anteriores, mesturados con algo de materia nova, aínda que, debido a que non todos os alumnos partían do mesmo punto ao comezar a cuarentena, nalgúns casos, intentei (e non sempre conseguín) que os que ían máis atrasados, puxésense ao día.

A miña intención é dedicar o mes de maio a este segundo asunto, de modo que, todos os alumnos, vexan a mesma cantidade de materia ao terminar o curso.

6. Información e publicidade.

A adaptación da programación para o terceiro trimestre será remitida a Inspección Educativa, as familias a través da plataforma Centros Net e correo electrónico. Ademais colgarase na páxina web do Centro.

